MATEMÁTICA CAS	B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas	CMC T CAA	Realiza sumas e resta en problemas.
		operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMC T CAA	Realiza multiplicacións
		MTB2.3.3. Resolve	CMC	Realiza cálculo mental
MATEMÁTICA CAS	B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o	CMC T	cotiá.
		a sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas,	CMC T CSI EE	
MATEMÁTICA CAS	B3.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o	CMCT	Recoñecer unidades simples
	B3.2 Coñece e utiliza o kilo, o medio kilo	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o kilo, o medio kilo e o	CMCT	

	B3.3. Coñece e utiliza o litro, medio litro e	MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto	CMCT	
MATEMÁTICA	B3.4. Coñece as unidades básicas de media de tempo e as súas relacións, usándoas para resolver problemas da	reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	CMCT	Recoñecer as unidades de
		MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida	CMCT	
MATEMÁTICA	B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes monedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión	CMCT CAA CSC	Saber coñecer as equivalencias entre as diferentes billetes do sistema
MATEMÁTICA	vida cotiá adecuados ó seu nivel, establecendo conexión entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos	MTB3.6.1. Resolve	CMCT	
		o seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as	CMCT CAA	sobre o proceso seguido na resolución de
MATEMÁTICA	B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.	a figuras partindo do seu eixe de simetría.	CMCT	Saber identificar e diferenciar
MATEMÁTICA	B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos	CMCT	

MATEMÁTICA	B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e	CMC T	
MATEMÁTICA	interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de	interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	CMC T	interpretar representacións
MATEMÁTICA CAS	B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de	MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen	CMC T CAA	problemas sinxelos da vida cotiá,
		a sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas,	CMC T CAA CSIE	
MATEMÁTICA CAS	B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en	CMC T	Saber recoller e ordenar datos.
		MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos	CMC T	Resolve problemas
MATEMÁTICA CAS	Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro,	MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro,	CMC T	

EDUCACIÓN ARTÍSTICA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.  B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.	ticas dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural	CC EC CC	
		EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para	CCL CC	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	ropios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus	CCL CC EC	
		debuxos e colorea con diferentes tonalidades.	CCL CC	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EPB1.3.2. Manexa en producións propias as	CCE C	
		representación do espazo.	CCL CC	
EDUCACIÓN	B1.4. Identificar, describir e representar		CCL CC	



ÓN ARTÍSTICA	o entorno natural e o entorno artificial.	iferentes maneiras o	CCE	
EDUCACI ÓN ARTÍSTICA	B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	CC EC CA	
EDUCACI ÓN ARTÍSTIC A  (EDUCAC IÓN PLÁSTIC A)	B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.1.1. Manexa en producións propias as	CC EC	
		correctamente mesturas de	CC	
		imarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no	CC EC CA	
		EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes	CC EC CA	

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCAC	B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	e o plano ao representar o entorno próximo e o	CCE C	
		. Realiza composicións plásticas que representan o	CC EC	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCAC	B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	bidimensionais e tridimensionais.	CC EC	
		écnica de colaxe para realizar unha obra persoal	CC EC	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCAC IÓN PLASTIC	B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.	e formas xeométricas nos	CC	
		EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do	CC EC	
		EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións	CC EC	

EDUCACIÓN	B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana.	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as	CCE C	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN)	B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	epresenta imaxes despois dunha presentación	CCE C	
		EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois	CC EC	
EDUCACIÓN	B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas	CSC	
EDUCACIÓN	B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora	CSC	
VALORES	.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás	SCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os	CS C	Crear unha imaxe positiva dun

VALOR ES SOCIAI S E CÍVICO S	B1.2.Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	i mesmo/a sentimentos negativos e emprega	CS C	Saber autocontrolar os
		SCB1.2.2. Motívase mediante estratexias	CSI EE	
		adecuado recoñecemento e identificación das súas	CCL CSI	
		Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e	CC L CS C	
VALOR ES SOCIAI S E CÍVICO	potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	súas responsabilidades durante a colaboración.	CS C	Saber ser responsable
		Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha	CS C CA	
VALOR ES SOCIAI	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións	VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de	CS C CSI	tomar decisións Superar os sentimentos

S E CÍVICO	e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación	CS C	
VALOR ES SOCIAI S E	B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben	con interese na resolución de VSCB1.5.2. Define e formula claramente	CSI EE CS C	automotivación
VALOR ES SOCIAI S E CÍVICO S	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	resar con claridade sentimentos e VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en SCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar	CCL CS CAA CSI EE CC L	opinións e sentimentos.
VALOR ES	B2.2. Empregar a aserción.	SCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.	CC L	
VALOR ES	stablecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades	SCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades	CSC	Sabe empregar diferentes
VALOR	B2.4. Actuar con tolerancia	distintas maneiras de ser e actuar.	CS C	Mostrar respecto e

ES SOCIAI	comprendendo e aceptando as diferenzas.	dades dos compañeiros e compañeiras, resalta as	CS C	
VALOR	B2.5. Contribuír á mellora do clima	VSCB2.5.1. Forma parte	CS	

CÍVICOS	establecendo relacións respectuosas.	mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de	CS C CSI	Establecer relacións emocionais
VALOR ES SOCIAI S E	boración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	Establece relacións de confianza cos iguais e as	CS C	Saber resolver
		2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos	CS C	
VALOR ES SOCIAI S E	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	SCB3.2.1. Aмосa boa disposición a ofrecer e	CAA CSI	axuda e aprendizaxe.
		regras durante o traballo en equipo.	CSC	pecto das regras durante o traballo
VALOR ES SOCIAI	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.	CC L CS	

S E CÍVICO S	valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son	CS C CSI	
		VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da	CCL CS	
		VSCB3.3.4. Respecta as	CSC	
VALOR ES SOCIAI S E CÍVICO S	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	SCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida	CS C	Uso dunha linguaxe positiva
		SCB3.4.2. escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas,	CCL CSI EE	Saber escoitar as razóns das persoas coas
		tifica as emocións e os sentimentos das partes en	CS C	emocións e sentimentos.
		. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións,	CS C	causase solucións a
VALOR ES	a de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación,	epresenta plasticamente a necesidade da	CS C	

		s para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de	CS C CL	Saber cales son os dereitos dos nenos.
		especta a igualdade de dereitos dos nenos e das	CSC	Mostrar respecto e
VALOR ES SOCIAI S E	B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	abora con persoas do outro sexo en diferentes	CS C	Recoñecer as diferenzas de
		independentemente do seu sexo.	CS C	
VALOR ES SOCIAI S E CÍVICO S	B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr	CSIE E	
		SCB3.7.2. Razoas as repercusións de	CCL CSI	Recoñecer as formas de vida
		máis frecuentes.	CC L	





#### **4. Temporalización.**

O curso está dividido en tres bloques temáticos, un por trimestre. Parte dun centro de interese das ciencias para ramificar estes contidos nas diferentes áreas a través de proxectos.

BLOQUE 1: IDENTIDADE

BLOQUE 2: MASCOTAS

BLOQUE 3: EXTRATERRESTRES

Todos os bloques están organizados dunha forma similar. Xiran en torno a unha única temática resolvendo con ella aprendizaxes constantes cada dous meses de:

- escritura creativa con textos de diferentes formatos e para diferentes receptores
- análise escrito e oral
- situacións de debate ou diálogo oral
- estratexias de planificación dos procesos
- representación teatral
- laboratorio científico
  
- recoñecemento de figuras femininas relevantes
- presentación oral individual ou grupal, oral e escrita do traballo realizado
- seguimento dos procesos de aprendizaxe na libreta de aula
- cálculo a través de regletas, palillos...
- descomposición numérica con ABN e regletas
- creación de problemas matemáticos cercanos á aula e á vida do alumnado



- participación nas actividades da biblioteca escolar
- elaboración de táboas, esquemas, liñas do tempo e diversas opcións esquemáticas
- vídeos e música que axuden a clarificar
- actividades exclusivamente dirixidas a representar a figura da muller dende todos os ámbitos
- actividades exclusivamente deseñadas para reforzar e recuperar vocabulario e tradición de Galicia e en lingua galega
- enfoque artístico de figuras relacionadas con cada proxecto

A área de matemáticas ven determinada polo libro de texto que temos na clase, aínda que tamén formarán parte dos bloques citados anteriormente como parte da metodoloxía globalizada que usamos.

- **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Toda situación de aprendizaxe conleva una avaliación, e cada avaliación debe permitir mellora no aprendizaxe. O proceso avaliativo será un estímulo máis que unha sanción; unha corrección cara unha mellora.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos corresponde ao profesor titor que é o encargado de recoller a información proporcionada polos outros profesionais que poidan incidir no proceso ensinanza-aprendizaxe dos alumnos.

A avaliación terá tres fases:

- ✓ **Avaliación inicial:** basearase na avaliación final do curso anterior así como a valoración e comentarios que aporten os titores do curso pasado.
- ✓ **Avaliación continua:** levarase a cabo durante todo o curso e a súa finalidade será apreciar en que medida se acadan os obxectivos propostos e se van desenvolvendo as competencias básicas. As características desta avaliación serán: formativa, global, individual e integradora.
- ✓ **Avaliación final:** Farase a partir dos datos obtidos da avaliación continua.



Barouta, 11

15229 – AMES

T | 881867455

ceip.barouta@edu.xunta.es

Ao final de cada bloque a titora elaborará un informe de seguimento para o alumnado e familias, solicitando *feedback* pola súa parte para mellorar na adaptación do alumnado a cada proceso.

Serán instrumentos de avaliación os seguintes:

- Proceso e resultado dos diferentes proxectos
- Grella de datos para o seguimento de cada alumno a partir das diferentes tarefas
- Observación directa e sistemática do alumnado
- Seguimento dos traballos realizados
- Comprobación da participación nas actividades
- Entrevistas ou diálogos directos cos alumnos, en xeral ou de forma particular
- Revisión dos proxectos e avaliación da evolución e progreso no seu desenvolvemento
- Rexistro dos datos
- Entrevista
- Escala de simulacións
- Escala de participación
- Fichas
- Traballo na pizarra dixital interactiva
- Xogos verbais e non verbais
- Preguntas directas

## 7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA



Barouta, 11

15229 – AMES

T | 881867455

ceip.barouta@edu.xunta.es

A disposición do alumnado é grupal, variando con facilidade dependendo das necesidades do traballo, deixando unha zona de libre movemento e traballo e outra con pupitres. A organización dos grupos variará ao longo do curso segundo as necesidades que se atopan.

O obxectivo principal é incentivar ao alumnado e lanzar propostas de traballo e investigación que se compartirán na aula, valorando a participación e relevancia das respostas e análises.

A mestra non seguirá un modelo autoritario nin maternalista; estará moi atenta de manter contacto visual co alumnado e transferir-lles un sentimento de autonomía, capacidade, serenidade e esforzo. Tratará tamén de ser bo exemplo, e axudar a que o alumnado desenrole a súa creatividade.

*Falar menos, escoitar máis.*

Procurará documentar canto traballo se faga de forma individualizada, para que quede rexistrado o proceso continuo e sumativo de avaliación atendendo non só ás dificultades atopadas senón ao crecemento individual do alumnado tratando de ter unha mirada positiva e en constante proceso de mellora.

Traballaremos de forma globalizada e práctica pretendendo que a total transversalidade das aprendizaxes.

## **8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

No que respecta aos medios, materiais e recursos, utilizados este curso dividirémolos en catro apartados (humanos, materiais tecnolóxicos e naturais).

- ✓ Recursos humanos: persoas titoras e persoal de apoio.



- ✓ Recursos materiais: libro do alumnado\*, dicionarios, materiais funxibles diversos (materiais de reciclaxe, metros, pesas, diferentes medidas de capacidade como botellas, medidores de cociña e diferentes envase...). Tamén contamos con pasatempos, xogos de mesa, xoguetes didácticos... Aínda que o protocolo Cov-19 ínstanos a permanecer na aula co menor paseo de alumnado posible, contamos cunha sesión fixa na biblioteca do centro que ocuparemos para desenvolver o PDI do centro así como o Plan lector.
- ✓ Recursos tecnolóxicos: taboleiro dixital interactiva, utilización da rede (vídeos sobre temas que tratamos, procura de información e outras tarefas que necesitaron dos medios tecnolóxicos dispoñibles).
- ✓ Recursos naturais: O noso centro está nun entorno privilexiado polo que dispoñemos de aulas naturais fóra do edificio escolar. Tamén participaremos nos “venres verdes” organizados polo equipo de contorno incluíndo as aprendizaxes curriculares ao horto escolar.

**\*Libros do alumnado de 1ºEP.**

- LE QUE LÉ. Editorial Santillana. ISBN: 9788491851967

- ATLAS DA GALICIA PEQUENIÑA. César Cequeliños e Jorge Campos.

ISBN: 9788494780790

- MATE + PRIMERO. MATEMÁTICAS PARA PENSAR. Editorial Santillana. (EDICIÓN 2020)

ISBN: 9788468058436



Barouta, 11  
15229 – AMES  
T | 881867455  
ceip.barouta@edu.xunta.es

### **\*Libros do alumnado de 2ºCURSO**

- LE QUE LÉ. editorial Santillana. ISBN: 9788491851950
- MATE + SEGUNDO. MATEMÁTICAS PARA PENSAR. Editorial Santillana. (EDICIÓN 2020)  
ISBN: 9788468058429
- ATLAS DA GALICIA PEQUENIÑA. César Cequeliños e Jorge Campos.

### **LECTURAS OBRIGATORIAS 1º E 2º DE PRIMARIA**

- Lagartija escurridiza. Pepa Aurora. ISBN: 9788491220107
- Un baúl cheo de piratas. Ana Rossetti. ISBN: 9788416834006



## 9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

**Os criterios de cualificación quedarían expresados do seguinte xeito:**

- 20 % Autonomía, responsabilidade e esforzo .
- 20 % Actitude e comportamento.
- 30 % Adquisición de contidos.
- 30 % Traballos realizados.

En cada área estableceranse uns criterios de cualificación para cada proba ou tarefa proposta, dos que o alumnado será informado previamente. Os criterios de cualificación do alumnado estarán baseados nos criterios de avaliación indicados para cada unha das unidades, e dependendo do grao de consecución dos obxectivos e do grao de desenvolvemento das competencias básicas que acade cada alumno ou alumna a calificación será:

- Insuficiente: Cando non se acadan os mínimos esixibles.
- Suficiente: Cando os mínimos acadados e as competencias básicas teñan un grao aceptable de desenvolvemento.
- Ben: Cando se acadan os obxectivos e competencias nun bo grao.
- Notable: Cando se acadan todos os obxectivos.



- Sobresaliente: Cando se acadan e amplian obxectivos e o grao de desenvolvemento das competencias é moi bo.

Na área de educación artística, a educación plástica e musical valoraranse ao 50% respectivamente (sempre e cando as dúas estean aprobadas).

Para promocionar o alumnado deberá acadar os indicadores mínimos de logro das áreas instrumentais.

#### **Os criterios de promoción son:**

Ententemos que promociona todo o alumnado de 1ºEP que non acade os obxectivos mínimos de cada área , sendo o 2ºEP continuación para acadalos.

No caso do alumnado de 2ºEP, non promocionaría ao curso seguinte no caso de non ter superados os mínimos de dúas áreas de entre lingua galega, lingua castelá e/ou matemáticas, considerando que necesitará un curso máis para afianzar estes obxectivos básicos.

### **MÍNIMOS DE 2º E.P. para promocionar a 3ºEP**

#### **Área de lingua e literatura galega e castelá**

- ✓ Comprender as ideas principais dun texto oral ou escrito sinxelo.
- ✓ Localizar información en textos axeitados.
- ✓ Ler textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.





- ✓ Usar nos seus textos o punto.
- ✓ Facer o uso correcto das maiúsculas.
- ✓ Compoñer textos sinxelos próximos a súa experiencia seguindo modelos, con certa coherencia e boa presentación.
- ✓ Recoñecer enunciados, palabras e sílabas nos textos.
- ✓ Identificar nomes comúns e propios.
- ✓ Sinalar o xénero e o número de palabras dadas.
- ✓ Coñecer as normas ortográficas máis sinxelas.
- ✓ Identificar as palabras para a segmentación da escritura.

### **Área de matemáticas**

- ✓ Ler, escribir e recoñecer as cantidades que representan os números do 0 ao 999.
- ✓ Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
- ✓ Realiza sumas e restas levando.
- ✓ Calcular o dobre e o triplo dunha cantidade proposta.
- ✓ Coñecer as relacións de composición e descomposición en sumas dos números ata 999 e aplicar este coñecemento ao cálculo mental.
- ✓ Resolver sinxelos problemas de sumar e restar levando.



- ✓ Aplicar a multiplicación a contextos cotiás nos que a operación signifique suma de sumandos repetidos.
- ✓ Ler a hora en punto e medias tanto en reloxo analóxico como dixital.
- ✓ Coñecer e utilizar as unidades de medida (litro, kilo, metro e centímetro) escollendo os diversos instrumentos en función do que teñan que medir.
- ✓ Recoñecer o valor dos billetes e moedas de euro.
- ✓ Ser capaz de recoller datos e interpretalos en táboas sinxelas.
- ✓ Definir a posición no espazo usando conceptos dereita/esquerda, dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/atrás, próximo/lonxe .
- ✓ Identificar no entorno formas circulares, triangulares, rectangulares e cadradas.

### **Área de ciencias sociais**

- ✓ Identifica a terminoloxía propia da área.
- ✓ Relaciona mapas sinxelos de como se distribúe a auga doce e salgada na súa contorna.
- ✓ Nomea elementos básicos dos ecosistemas natural e urbana próxima, diferenciando paisaxe de costa ou interior.



- ✓ Identifica minerais e rochas da súa contorna.
- ✓ Describe e elabora esquema da organización social e territorial da súa contorna.
- ✓ Cita e explica oralmente as características principais de festividades ou costumes da súa contorna próxima.
- ✓ Describe e diferencia profesións da súa contorna.
- ✓ Ordena cronoloxicamente distintas secuencias citando cambios relevantes na historia e usando conceptos temporais axeitados.
- ✓ Identifica e explica os avances tecnolóxicos electrónicos.

### **Área de ciencias naturais**

- ✓ Identifica as partes do corpo humano e outros seres vivos e as súas funcións de nutrición e respiración.
- ✓ Identifica e relaciona hábitos saudables de alimentación e exercicio físico.
- ✓ Nomea e clasifica con criterios elementais seres vivos da súa contorna.
- ✓ Identifica oficios e diversidade de máquinas da súa contorna así como as forzas que producen en situacións cotiás.
- ✓ Identifica as partes principais e emprega o ordenador de forma guiada.



### **Área de valores sociais e cívicos**

- ✓ Expresar opinións, sentimentos e emocións.
- ✓ Realizar unha auto avaliación guiada e responsable da execución das tarefas.
- ✓ Participar con interese na resolución de problemas escolares utilizando diferentes habilidades sociais básicas.
- ✓ Resaltar as calidades dos compañeiros e compañeiras e manter relacións emocionais amigables.
- ✓ Amosar boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- ✓ Coñecer e respectar as normas da aula, elaboradas entre todos, e as do centro.
- ✓ Coñecer os dereitos e deberes básicos da infancia.
- ✓ Expresar as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes

### **Área de educación artística - plástica**

- ✓ Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde e das normas para alcanzar o resultado final proposto.
- ✓ Elabora portadas, colaxes, debuxos e outros traballos empregando as ferramentas e as técnicas básicas



## 10.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a nosa propia práctica docente.

Os aspectos aos que se atenderá son os seguintes:

- ✓ PXA e organización e coordinación do claustro.
- ✓ Coordinación do equipo de ciclo.
- ✓ Coordinación do Departamento de Orientación e especialistas.
- ✓ Organización, consenso e pertinencia do PDI de centro.
- ✓ Seguimento do Plan Lector e das diferentes actividades propostas polos equipos de centro.
- ✓ Planificación das tarefas.
- ✓ Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre o alumnado, e entre o alumnado e profesorado.

Os procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza son :

- ✓ Intercambios orais: entrevista con alumnos, entrevistas con pais, reunións con pais.
- ✓ Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Tamén avaliaremos as programacións de aula co fin de establecer una avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse



os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Adecuación de obxectivos, estándares e metodoloxía coas necesidades reais.

Por último, avaliarase a propia práctica docente. As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- ✓ A adecuación dos estándares e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- ✓ As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- ✓ As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- ✓ A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.

## **11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS DOS INFORMES INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACIÓN DO CURSO 2019/20) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

Ao inicio do curso o titor revisará os expedientes dos alumnos/as para ter en conta as dificultades de aprendizaxe que se detectan.

Nesta avaliación inicial tivemos en conta:



- Os datos recollidos nas entrevistas coa familia.
- Os informes anteriores do alumno.
- As conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/21.
- Observación directa do alumno durante o 1º mes do curso.
- Probas orais ou escritas para comprobar a consecución dos obxectivos do curso anterior.
- Os datos recollidos na reunión que se fará co equipo educativo (todos os profesores que exerzan unha acción educativa directa co alumno) na que se contrastarán os diferentes puntos de vista dos alumnos/as.

Unha vez valorada a información recollida, levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade que cada alumno/a precise.

## **12. MEDIDAS E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.**

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, cada alumno ten un modo especial de pensar, de sentir e de actuar. Fronte a unha visión que asocia o concepto de diversidade exclusivamente aos colectivos que teñen unhas peculiaridades tales que requiren un diagnóstico e unha atención por parte de profesionais especializados, consideramos que nos grupos educativos existe unha variabilidade natural, á que se debe ofrecer unha atención educativa de calidade ao longo de toda a escolaridade, xa que entendemos a diversidade do alumnado nun sentido amplo.

Trátase dun elemento enriquecedor e, desde logo, é unha das circunstancias máis relevantes que é preciso ter en conta desde un punto de vista educativo ao planificar e desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe.

Dito isto, na clase haberá diferentes recursos para aquel alumnado que teña dificultades en determinados momentos, para



seguir o ritmo da clase e poida polo tanto incidir e reforzar aqueles contidos que lle resulten máis complicados. O feito de non seguir un libro de texto fai que as actividades poidan estar máis facilmente adaptadas aos ritmos e niveis do alumnado, tendo sempre en conta tamén o ritmo da clase e a programación de aula.

As medidas de atención á diversidade son as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Podemos distinguir entre medidas ordinarias e extraordinarias.

Para facilitar os avances individuais teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse unha especial importancia ao autocoñecemento e ao respecto así como a traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos. Propóñense actividades de reforzo para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de ampliación para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos. Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno/a non progresa adecuadamente, tan pronto se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse as medidas de reforzo educativo coa finalidade de que adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Neste aspecto adoptaremos e empregaremos estratexias como:

- Modificación no tempo das aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica: orientación, apoio,...





- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferencias individuais do alumnado.
- Fichas de ampliación e reforzo (comprensión lectora, ortografía, redacción,...).
- Tarefas para o desenvolvemento da intelixencia.
- Actividades de preparación para o curso seguinte.
- Probas de diagnóstico.
- Profesorado de apoio.

Establecimos algunhas pautas que poremos en marcha dende principio de curso coa fin de prever posibles dificultades no seguimento da ensinanza dende a Aula Virtual. Por este motivo:

1. Recóllense os datos de contacto tanto electrónico como telefónico actualizadas das familias.
2. Faise unha enquisa entre as familias para coñecer as súas posibilidades de conexión a Internet e de recursos para o seguimento dunha educación a distancia.
3. Trabállase co alumnado para que domine o funcionamento da Aula Virtual, as entradas ao seu curso e ás diferentes especialidades; a entrada aos foros e a presentación das actividades-proxectos que se porán no caso de ser necesario.



### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Son un factor enriquecedor na educación do noso alumnado xa que amplían a súa formación, axúdanos a formarse nas diferentes facetas da súa personalidade e favorecen a convivencia.

Trátase de conseguir que sexan un estímulo para a actividade educativa evitando que a ensinanza quede relegada ao ámbito da aula así como de contribuír á mellora do seu rendemento académico ou á mellora da relación co profesorado. Este ano é un curso especial debido á situación creada polo COVID.-19.

En principio, poderanse programar algunhas saídas fóra do centro escolar e mantendo sempre o grupo burbulla. Están por determinar así como a forma de celebración das conmemoracións.

**1º Trimestre: Día Internacional das bibliotecas e presentación do PDI do centro (24O), Samaín e Magosto (1N) , Día Internacional contra a violencia de xénero (25N), Día Internacional das persoas con Discapacidade (3D).**

**2º Trimestre: Día da Non violencia e da Paz (30X) , Entroido, Día Internacional da Muller (8Mz), Semana da prensa (8-12Mz), Día da poesía e da árbore (21Mz)**

**3º Trimestre: Semana do libro (19-23 Ab), Día Mundial da Saúde (7Mi), Letras Galegas (17 Mi).**

A través destas actividades preténdese ampliar e reforzar os contidos impartidos na aula así como fomentar a motivación do alumnado.



Ademais participaremos en todo momento no PDI do centro. O feito de traballar de forma globalizada fai que estas conmemoracións non sexan momentos puntuais dentro das nosas aulas, senón unha constante no día da día do noso alumnado, única forma de conseguir que se asimilen e interioricen a importancia da orixe destas celebracións.

Dentro deste apartado incluímos tamén o traballo globalizado relacionado cos diferentes equipos que hai no centro.

➤ **ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A aula ten unha sección adicada en exclusiva á muller, ao feminismo e todo elemento de aceptación, respecto e relación social; fomentando a igualdade deberes e dereitos de todas as persoas polo feito de ser persoas, sen atender a ningún tipo de condición diversa de calquera xénero.

➤ **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO**

Haberá sesións de análise e búsqueda de información e creación de textos por parte do alumnado. Ademais de traballar na edición e deseño de carteis, imaxes, murais... a través de diversas aplicacións informáticas. Participa tamén puntualmente nas actividades de Radio na Biblio que se leva a cabo no centro e mantén a formación activa nas redes do centro e na Aula Virtual.

➤ **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

O alumnado de 1ºciclo EP adica unha sesión semanal exclusiva á lectura (por parte da titoras) e unha sesión semanal de asistencia á biblioteca escolar, para coñecer, traballar e investigar neste espazo.



Ademais participará nos obradoiros de lectura e escritura creativa que se propoñan dende esta mesma en coordinación do EDNL e os demais equipos.

Valoramos especialmente a produción literaria en lingua galega, así como o coñecemento da clasificación CDU dos fondos que se traballen.

Haberá un apartado en cada bloque exclusivo a recuperar vocabulario e tradicións orais de Galicia e en lingua galega, recoñecendo tamén a importancia doutras linguas para a cultura e a formación e organización das sociedades.

➤ **ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO EQUIPO DE CONTORNA**

Participa activamente nas actividades propostas especialmente no “Venres Verdes” e o traballo na horta escolar sendo terreo de experimentación logo dunha explicación teórica nas aulas.

**14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

A información que nos proporciona a avaliación débenos servir tamén para valorar a eficacia da propia práctica docente. Para elo, levarase a cabo unha autoavaliación facendo as modificacións que se consideren oportunas para a mellora da calidade e dos resultados obtidos. Servirémonos das preguntas aos nenos sobre aquelas actividades que lles gustaron máis ou menos, aqueles aspectos que destacan de cada unidade, cales foron as actividades que máis os motivaron e aquelas curiosidades que lles gustaría ter tratado.

A avaliación do proceso consistirá na reflexión conxunta por parte do profesorado valorando se os obxectivos



propostos foron axeitados e coherentes. Reflexión sobre a funcionalidade das estratexias metodolóxicas levadas a cabo así como a adecuación das actividades ás características, intereses e motivacións dos nenos que forman o grupo-clase.

Por último realizaremos a metaavaliación valorando e analizando se as técnicas e instrumentos de avaliación foron axeitados e referenciais dos obxectivos propostos así como os momentos nos que se levou a cabo dita avaliación.

En definitiva, a avaliación que se vai levar a cabo nesta programación é para determinar o grao de consecución dos obxectivos propostos, é dicir, determina o progreso real dos alumnos; polo que é necesario definir uns criterios, observables e medibles ao longo do proceso educativo, de maneira que sirvan de puntos de referencia á hora de valorar o grado en que se desenvolveron as capacidades desexadas.

Táboas coma a seguinte serven coma ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL

## AVALIACIÓN DA NOSA PRÁCTICA DOCENTE

- Fun capaz de levar adiante esta programación	SI	NON	EN PROCESO
- Supuxo limitacións nalgúns campos	SI	NON	EN PROCESO
- Fun capaz de enfrontarme e resolver os conflitos que foron xurdindo	SI	NON	EN PROCESO
- Despois da miña actuación docente mellorou a relación coas familias	SI	NON	EN PROCESO
- Participei activamente nas actividades propostas por calquera dos equipos de centro	SI	NON	EN PROCESO

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación atendendo a:

- ✓ Grao de consecución dos obxectivos.
- ✓ Adecuación das actividades ao alumnado ás que van dirixidas.
- ✓ Adecuación e suficiencia dos recursos.
- ✓ Adecuación da atención á diversidade.
- ✓ -Valoración dos Proxectos Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico.
- ✓ Temporalidade axeitada.
- ✓ Implicación de todos os participantes.
- ✓ Grao de satisfacción dos implicados.



Barouta, 11  
15229 – AMES  
T | 881867455  
ceip.barouta@edu.xunta.es

Estes puntos serán revisados para tomar nota dos aspectos a mellorar ou cambiar da programación de ciclo.

**Titores/as de 1º ciclo de educación primaria en CEIP de Barouta (Ames)**